Asunto: comezo dos traballos de elaboración de ditame sobre colexios economistas

A Comisión sectorial nº 2, *Sector público e benestar social*, é a encargada de elaborar a proposta de **ditame** sobre o anteproxecto de Lei de creación dos **Colexios provinciais de Economistas** por fusión dos Colexios de Titulares Mercantís e de Economistas existentes na Comunidade Autónoma de Galicia, que, como sabe vostede, ven de ter entrada no CES.

Xúntolle o texto normativo. Ademáis, pode consultar outra documentación complementaria na área privada da páxina web do CES.

Seguindo o método habitual, a redación da proposta de ditame comeza coa achega de **aportacións** por parte de cada organización ao contido do anteproxecto. Segundo indicación do presidente da comisión sectorial, establécese un **prazo** para a remisión de aportacións, **consideracións** ou achegas ao texto que remata o vindeiro día **18 de abril**, ás 12:00 horas (prégolle que as envíe a **consideracions@ces-galicia.org**).

Estas achegas servirán para elaborar unha primeira **proposta de ditame** para o seu estudio pola comisión, nunha sesión que prevemos celebrar o mércores, 20 de abril. Se ten vostede algunha dificultade con esa data, prégolle nolo comunique antes de mañana.

Co fin de ampliar os debates e as aportacións, acordouse invitar a participar na comisiónde traballo aos representantes das Universidades de Galicia, dada a súa condición de economistas.

Santiago de Compostela, 13 de abril de 2016
O SECRETARIO XERAL
Asdo.: Juan José Gallego Fouz

Nota:

– O **expediente** vai estar dispoñible para vostede na **área privada** da web do CES-Galicia (**www.ces-galicia.org**). Como sempre, pode acceder á dita área privada co nome de usuario "***membros***" (sen comiñas) e coa chave "***ces-galicia***" (tamén sen comiñas).